

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “PROMOCIONA” NO ANO 2021.**

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital.

### **REUNIDOS**

Dunha banda, Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social, no uso das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 112/2020, do 6 de setembro do seu nomeamento, o Decreto 110/2020, de 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

E doutra, Don Isidro Juan Rodríguez Hernández, con DNI 50804366B, que actúa no nome e na representación, da entidade Fundación Secretariado Gitano (en adiante FSG) co NIF G83117374, apoderado en virtude de escritura pública do 09.05.2017 -protocolo 796.

Ambas as dúas partes, no nome e representación dos seus respectivos órganos e entidades no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen, e , para o efecto.

### **EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.** Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directrices do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e máis no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.



**SEGUNDO.** Que a Comunidade Autónoma Galega, de conformidade co artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social e, en virtude desta competencia, foron aprobadas a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

**TERCEIRO.** Que a Consellería de Política Social, ao abeiro do Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano da administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de acción social incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, atención ás persoas discapacitadas e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e as políticas de xuventude e voluntariado.

**CUARTO.** Que a FSG, constituída por tempo indefinido mediante escritura do 04.10.2001 - protocolo 3.239-, inscrita como fundación o 28.12.2001, no Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais co número 28-1223, é unha entidade de iniciativa social sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social co núm. E-1729. A FSG ten entre as súas funcións a de promoción integral da poboación xitana desde o recoñecemento da súa identidade cultural e con esta finalidade desenvolve accións coas familias que presentan dificultades no acceso e permanencia na formación educativa regrada, colectivo dentro do ámbito competencial desta Consellería de Política Social.

En concreto, a FSG desenvolve nas sete grandes cidades galegas o programa “Promociona” que ten como finalidade apoiar as familias xitanas con menores en idades escolares para mellorar as condicións do ámbito da educación no propio fogar e promover a finalización dos estudos obrigatorios e a promoción do alumnado xitano a estudos post obrigatorios co obxectivo de reducir o abandono escolar que presenta gran parte da comunidade xitana.

**QUINTO.** Que a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica, esta interesada en apoiar esta actuación mediante a sinatura dun convenio de colaboración.

O artigo 1 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, regula a obriga que os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia teñen de apoiar e protexer as familias e aos seus membros, e, en especial, aos nenos e as nenas e aos e as adolescentes.



Tendo en conta o carácter específico da actuación, non procede a realización dunha convocatoria pública con concorrencia para a concesión dunha subvención, pois esta entidade é a única que desenvolve unha actividade deste tipo.

O proxecto cumpre por tanto, cos seguintes requisitos:

O artigo 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O artigo 19.4.c) da mesma lei que establece que, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.

Nos termos establecidos na normativa reguladora de subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública, como é o caso.

Por todo o anteriormente exposto, a Consellería de Política Social considera conveniente a sinatura do presente convenio de colaboración en base ás seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO**

O obxecto do presente convenio é o financiamento pola Consellería de Política Social do programa “Promociona” que promove e desenvolve a FSG, destinado ao apoio ás familias con menores en idades escolares para mellorar as condicións do ámbito da educación no propio fogar apoiando aos alumnos e alumnas xitanos/as e ás súas familias co fin de reducir o abandono escolar. O obxectivo deste programa é favorecer a normalización educativa do alumnado xitano e conseguir taxas máis elevadas de éxito académico durante a etapa de escolarización obrigatoria, con especial incidencia no último ciclo de Educación Primaria (5º e 6º curso) e en Educación Secundaria Obrigatoria (1º a 4º curso) e promover a continuidade en estudos medios e/ou superiores e formación profesional para o que se prestará orientación educativa e familiar e sesións de apoio escolar e reforzo aos alumnos.



## SEGUNDA. ACTUACIÓNS DO PROGRAMA

A FSG no marco do programa “Promociona”, desenvolverá as seguintes actuacións que serán obxecto da concesión da subvención:

1. A orientación educativa individualizada con tres diferentes niveis:

-Un nivel individual con plans de traballo individualizado para cada alumna ou alumno e a súa familia. Neste plans establécense as diferentes necesidades, accións a desenvolver e prazos de revisión. Tamén se desenvolven accións de “mentoring” en colaboración con entidades e empresas para que o alumnado coñeza diferentes profesións e os itinerarios necesarios para desenvolverlas.

-Un nivel grupal a través das “Aulas Promociona”, que son aulas de apoio escolar para aprender en grupo.

-Un nivel sociocomunitario traballando en rede co entorno e cos axentes sociais próximos ao alumnado.

2. Campañas de sensibilización dirixidas a diferentes públicos pero especialmente a comunidade xitana.

3. Organización de encontros de estudantes e familias, como espazo de debate, reflexión, intercambio de situacións, problemas e experiencias de éxito.

## TERCEIRA. IMPORTE DA AXUDA

1. As actuacións do programa a subvencionar a través do convenio, financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria que se indica no seguinte cadro, na cal existe crédito adecuado e suficiente no orzamento da Dirección Xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica da Consellería de Política Social para o ano 2021.

Aplicación orzamentaria	Ano 2021
13.02.312B.481.0	132.908,24 €

2. A achega económica límitase á compensación de gastos e en ningún caso pode supor beneficio económico para a entidade conveniente.



## CUARTA . COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

## QUINTA. OBRIGAS

1. Para poder ser beneficiaria da axuda, a entidade deberá cumprir **os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007**, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que a seguir se relacionan:

- a) Non ter sido condenada mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Non ter solicitado a declaración de concurso, non ter sido declarados insolventes en ningún procedemento, non ter sido declarados en concurso, salvo que neste tivera adquirido a eficacia dun convenio, non estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Non dar lugar, por causa da que foran declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.
- d) Non estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal de outras persoas xurídicas en algún dos supostos de incompatibilidades que establece a normativa vixente.
- e) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.
- f) Non ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Estar ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.



h) Non ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións mediante a presente lei ou a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. A entidade debe cumprir, ademais, coas **obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007**, do 13 de xuño e que son, entre outras, as seguintes:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicar á Consellería de Política Social, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Acreditar que esta ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.

O cumprimento destes requisitos poderán ser comprobados pola consellería agás oposición expresa da persoa solicitante. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes ou ben presentar unha declaración de conformidade co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

e) Dar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención. As medidas de difusión deberán adecuarse ao obxecto subvencionado, tanto na súa forma coma na súa duración, e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previsto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



3. A entidade debe cumprir coa **obriga de subministración de información** nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederáse conforme ao establecido no artigo 4.4 da citada lei.

## SEXTA. GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Consideráanse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período establecido entre o 1 de xaneiro do 2021 e a data límite de xustificación.

CONCEPTO	IMPORTE
- 2 orientadoras educativas - 7 profesores/as de aula “Promociona”	122.566,25 euros
- Gastos de funcionamento	6.276,00 euros
- Gastos de realización de actividades (materiais, saídas culturais,...)	3.547,35 euros
- Gastos de xestión	518,64 euros
<b>TOTAL</b>	<b>132.908,24 euros</b>

2. Considerarase **gasto realizado** o que foi efectivamente **pagado** con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido no presente convenio.

3. O prazo de xustificación das actuacións deste convenio remata o 5 de decembro do 2021. Non obstante, si existen cotas de seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación estas terán como data límite o 15 de xaneiro do ano seguinte.

Axuda da Consellería de Política Social	132.908,24 €
Período de realización de gastos e pagos	1 de xaneiro do 2021 ao 5 de decembro de 2021
Data límite da presentación da documentación xustificativa	5 de decembro de 2021

4. En ningún caso consideráranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable



cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.

5. Os custos indirectos formarán parte da xustificación, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que tales custos correspondan o período no que efectivamente se realiza a actividade.

6. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

## **SÉTIMA. CONDICIÓN DE PAGAMENTO**

1. O pagamento da contía referida no presente convenio farase do seguinte xeito:

a) **Ata o 80% do total concedido** poderase facer efectivo **mediante pagamentos parciais** á conta da liquidación definitiva na medida que a entidade xustifique os gastos e os pagos realizados.

b) O **20% restante abonarase unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.**

2. Para a xustificación dos pagamentos deberán presentar :

a) Memoria económica da aplicación dos fondos destinados ao convenio, na que conste:

- Relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación do programa subvencionado que deberá indicar os seguintes datos: mes que se xustifica, apelidos, nome, NIF, base do IRPF, retribución líquida e bruta mensual, data de pagamento das retribucións, importe da seguridade social con cargo á entidade, data de pagamento da seguridade social, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado.
- Documentos que acrediten os custos de persoal: copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT, TC2) e o seu pagamento (xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social (RLC, TC1)).
- Unha relación clasificada dos gastos, con identificación do concepto, o provedor, o importe (IVE detallado), a data de emisión e a data de pagamento.



b) Unha declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades.

c) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deba ter solicitado.

d) Carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes.

3. Así mesmo, antes de facer efectivo o 20% restante, a entidade deberá presentar ademais dos documentos os que se refire o número 2 desta cláusula, unha memoria da actuación obxecto do convenio, con indicación das actividades realizadas. e dos resultados obtidos así como dos medios e recursos nos que se realizaron as actividades a subvencionar..

4. Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, acompañadas dos documentos que xustifiquen os pagamentos.

No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade co respecto ao IVE.

5. A Consellería de Política Social, a través da **Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica**, poderá consultar a través de medios de interoperabilidade os datos elaborados polas Administracións públicas sobre a situación de que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da entidade, en cuxo caso a entidade deberá achegar a documentación que a continuación se relacionan, ou ben presentar unha declaración de conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño:

a) Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT)

b) Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA)



c) Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

6. Esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por tratarse dunha institución sen fin de lucro, segundo menciona o artigo 65.4.f) deste mesmo Decreto.

## **OITAVA. PUBLICIDADE DO CONVENIO**

1. O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

3. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno Aberto.

## **NOVENA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO**

1. De acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, créase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non recollidas nel, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

2. Esta comisión estará composta por dous representantes da Consellería de Política Social, do cal un deles será nomeado presidente e dous representantes da Fundación Secretariado Gitano, designados por cada unha das partes, así como os seus suplentes.



Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, designado/a pola persoa que asume a Presidencia, así como a persoa que o/a supla.

4. Esta comisión rexerá en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro, e na sección 3ª do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

### **DÉCIMA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS**

1. A selección do persoal específico que a entidade dedicará á execución do programa corresponderá a esta.

2. A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo, entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Consellería de Política Social, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

### **DÉCIMO PRIMEIRA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DATOS PERSOAIS**

1. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da concesión da subvención a través deste convenio.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

3. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia coa finalidade de cumprir co obxecto do presente convenio.

4. A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.



5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora no procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

6. Así mesmo, a entidade conveniente someterase ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

## **DÉCIMO SEGUNDA. RESOLUCIÓN DO CONVENIO**

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- a) Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.
- c) A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
- d) Os demais supostos previstos no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- e) En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

## **DÉCIMO TERCEIRA. NATUREZA XURÍDICA**

O presente convenio ten carácter administrativo rexéndose polas súas cláusulas e, no seu defecto polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e demais normativa de aplicación.

Así mesmo, este convenio esta excluído do ámbito de aplicación Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do



26 de febreiro de 2014, se ben, observaranse os seus principios para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar.

#### **DÉCIMA CUARTA. CUESTIÓNS LITIXIOSAS**

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas poderá interpoñerse o recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo de un mes. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa."

#### **DÉCIMA QUINTA. VIXENCIA DO CONVENIO**

O presente convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2021. Non obstante, abranguerá as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade dende o 1 de xaneiro do 2021.

E, en proba de conformidade de canto antecede e para a debida constancia, as partes asinan o presente convenio .

A conselleira de Política Social

O apoderado da  
Fundación Secretariado Gitano

Fabiola García Martínez

Isidro Juan Rodríguez Hernández

